


0. Contexto



Aristóteles (384 – 322 a.C) naceu en **Estaxira**, cidade situada na antiga Macedonia. O seu pai, Nicómaco, era o médico da corte, na cal viviría xunto ao seu fillo. Con dezasete anos Aristóteles ingresa na Academia de Atenas, convertíndose así en discípulo de Platón. Permanecería baixo a súa tutela durante uns vinte anos e, tras a morte do mestre, abandonaría a escola ao non estar conforme co rumbo relixioso que esta tomara.

Invitado por Filipo de Macedonia pasa a encargarse da educación do seu fillo: **Alexandre Magno**. Cando este último accede ao trono Aristóteles dá por concluída a súa labor pedagóxica. Con todo, terá discrepancias co

seu discípulo ao considerar Alexandre aos gregos e ao bárbaros como iguais e ao someter a moitas cidades-estado, poñendo fin ao sistema político que, a xuízo de Aristóteles, era o idóneo para o pleno desenvolvemento do ser humano. Marchará a Atenas, onde funda **a súa propia escola: o Liceo**. Os seus membros serán coñecidos como os **peripatéticos** (περιπατητικοί), bautizados así pola costume de pasear durante as súas discusións.

Tras a morte de Alexandre Magno, no ano 323 a.C, sucedeuse por todo o mundo grego unha reacción antimacedonia á cal afectou a Aristóteles por ter sido tutor de Alexandre e membro da corte do seu pai. Fuxe de Atenas e retirase a Calcis, onde morrerá pouco despois.

Con respecto a obra de Aristóteles os seus escritos adoitan clasificarse en:

- **Obras exotéricas**, escritas en forma de diálogos e dirixidas ao gran público, das cales só nos chegaron uns poucos fragmentos.
- **Obras esotéricas**, resumos das leccións que dictaba no Liceo. Estas foron ordenadas por Andrónico de Rodas, ao cal debemos a primeira edición completa do chamado **corpus aristotélico**.

De igual modo podemos distinguir dúas etapas ben diferenciadas no seu pensamento:

- A primeira, de xuventude, na cal se **adscibirá á Teoría das Ideas platónica**.
- A segunda, onde **se separa da doutrina do seu mestre** e comeza a elaborar a súa propia como reacción ás limitacións da filosofía de Platón.

1.As distintas ramas da filosofía.

Aristóteles realiza unha taxonomía (clasificación) dos saberes do seguinte xeito:

- A filosofía **teorética**, que ten como finalidade acadar o coñecemento en sí mesmo, máis aló da súa utilidade práctica. Esta divídese, á súa vez, en a) **metafísica**, a ciencia que estuda as realidades trascendentes, os primeiros principios e causas de todo (chamada por Aristóteles

filosofía primeira); b) **física ou filosofía natural**, que estuda as cousas materiais móbiles (tamén denominada como **filosofía segunda**); c) as **matemáticas**.

- A filosofía **práctica**, a cal versa sobre a actividade do home: a **ética** e a **política**.
- A **poética**, que versa sobre a produción, non sobre a acción en sí mesma (a cal é obxecto de estudo da filosofía práctica) Poderíamos identificala como unha teoría da arte.
- A **lóxica**, o instrumento para a ciencia. Pese a que outros pensadores anteriores realizaran estudos sobre o razoamento humano Aristóteles foi o primeiro en tratar á lóxica como unha ciencia de seu, como unha teoría do razoar. A súa parte central é a **siloxística**, entendida como unha teoría da dedución. Segundo esta chegar a unha conclusión significa derivar un xuízo a partir doutros dous, os cales se denominan **premisas**. Por exemplo: P1. Todos os seres humanos son mortais; P2. Sócrates é un ser humano; C. Sócrates é mortal.

2. A metafísica ou filosofía primeira.

"Todos os homes teñen por natureza o desexo de saber". Así é como comeza o libro primeiro da *Metafísica* de Aristóteles. Ese desexo culmina coa adquisición da sabedoría, consistente no **coñecemento das casuas e dos principios do ser**. Ese coñecemento é o obxecto da metafísica, a cal é a **ciencia das primeiras causas e principios do ser**, de toda natureza e realidade. É, en palabras do estaxirita: *"a ciencia do ser en canto a ser"*.

2.1. A crítica á Teoría das Ideas.

A metafísica aristotélica xorde, en boa medida, como reacción á Teoría das Ideas de Platón. Como el mesmo chegou a afirmar *"son amigo de Platón, pero máis amigo da verdade"*. A crítica responde exclusivamente ao afán de Aristóteles por dar conta da verdade.

Para ser xustos debemos recordar que xa o propio Platón elaborara varias críticas a súa filosofía en diálogos tardíos como o *Teeteto*, *Sofista* ou o *Parménides* e que, con toda probabilidade, a Teoría das Ideas fora obxecto de debate e controversia dentro da Academia. Aristóteles coincide con Platón en que existe un elemento común entre todos os obxectos da mesma clase, o **universal**, a **Idea**, a cal é a causa de que denominemos por igual a todos os obxectos do mesmo xénero (a Idea de mesa é o motivo polo que un determinado obxecto é unha mesa e non outra cousa). Aristóteles admitirá que ese universal, que esa Idea, é real, pero non que teña unha **existencia independente** das cousas: para o estaxirita **está nas cousas mesmas**, a Idea ou **esencia** (como él a denomina) é **inmanente**. Seguindo o que hoxe en día chamaríamos **principio de economía** (buscar a explicación máis simple aos problemas que se nos presentan) Aristóteles denuncia que Platón, na súa Teoría das Ideas, duplica innecesariamente a realidade para poder explicala. Ataca así ao dualismo, á **diferencia ontolóxica** (dous mundos distintos) establecida polo seu mestre.

Outra das grandes críticas que esgrime contra a filosofía platónica é que esta non é capaz de explicar satisfactoriamente o movemento. O problema do movemento (da dicotomía ser-devir, un múltiple ou permanente-cambiante) atopámolo xa nos albores da filosofía grega. A contraposición entre o pensamento de Heráclito e o de Parménides ou, os intentos dos pluralistas como Demócrito por conciliar o cambio e a eternidade e inmutabilidade dan conta disto. Platón recluiu o cambio e o devir no mundo sensible, copia imperfecta do eterno e inmutable: do mundo intelixible. Pretendía así conciliar ambas realidades pero, para Aristóteles, isto non serve para explicar o fenómeno do movemento e o cambio xa que, sendo as ideas inmóbiles e inmutables, se as cousas son unha imitación das ideas tamén deberían ser inmóbiles e inmutables, pero non é así.

Por outra banda, as Ideas representan á esencia das cousas, é dicir, aquilo polo que unha cousa é o que é. Como é posible que aquilo polo que algo é o que é non resida no obxecto, senón fóra del? Como é posible que aquilo que fai que o home sexa home, a esencia de home, non resida no home concreto, senón que exista independentemente del? Platón intentou explicar a relación entre a realidade intelixible e sensible a través dos principios de copia e de participación, pero él mesmo descubriu certas limitacións a estas teorías. Aristóteles afondou nelas, dando una estocada final á Teoría da Ideas do seu mestre.

Poñamos, como exemplo, o chamado **argumento do terceiro home**¹, que serve para derrubar o principio da copia (**mímese**) sobre o que se asenta a filosofía de Platón:

- Que nos permite dicir que dúas cousas son semellantes entre sí? Que copian (ou participan) á mesma idea.
- Tomemos agora un obxecto concreto, por exemplo, un home. O home concreto parécese á Idea de home? Sí, xa que é a súa copia. Antes dixemos que para que dúas cousas se parezan deben ser copias da mesma idea.
- Deste xeito, precisaríamos dunha nova idea de home para explicar a semellanza entre o home concreto e a idea de home e, así, sucesivamente ata o infinito.

Nesta crítica de Aristóteles ás teses do seu mestre podemos observar xa os fundamentos da súa propia metafísica. Así, fronte ás limitacións da filosofía platónica o estaxirita presenta a teoría das **catro causas do ser**; contra o dualismo a teoría da **substancia** como composto de materia e forma (**hilemorfismo**); contra a inconsistencia da explicación platónica do cambio, a teoría da **potencia** e o **acto**.

A modo de resumo podemos dar as seguintes definición do que é a metafísica:

- É a ciencia que intenta averiguar as **causas e principios supremos** da realidade.
- Analiza **o ser en canto a ser**, non nunha rexión concreta da realidade (como as ciencias

¹ https://www.youtube.com/watch?v=c4BvQj4-2b0&ab_channel=ApruebaFilosof%C3%ADa

particulares)

- Estuda a **substancia**, o sustrato último da realidade (os seres concretos, como substancias primeiras; e as esencias, como substancias segundas)
- A metafísica investiga tamén a substancia suprasensible, é dicir, **Deus**.

2.2. A teoría das catro causas.

Dixemos que a metafísica podía definirse como a **investigación das causas que permiten explicar á realidade**. Aristóteles identifica o verdadeiro saber co coñecemento das **causas do ser**, coa condición da súa existencia e aquilo que configura a súa realidade. En base a isto diferéncianse catro tipos de causas:

Evidentemente es preciso adquirir la ciencia de las causas primeras, puesto que decimos que se sabe, cuando creemos que se conoce la causa primera. Se distinguen cuatro causas. La primera es la esencia, la forma propia de cada cosa, porque lo que hace que una cosa sea, está toda entera en la noción de aquello que ella es; y la razón de ser primera es, por tanto, una causa y un principio. La segunda es la materia, el sujeto; la tercera el principio del movimiento; la cuarta, que corresponde a la precedente, es la causa final de las otras, el bien, porque el bien es el fin de toda producción. Aristóteles, *Metafísica*, libro 1, 3.

- **Causa material:** constitúe o contido material e sensible que compón unha determinada entidade. É a resposta á pregunta: de que está feito?
- **Causa formal:** a esencia que se imprime á materia e a estrutura de determinada maneira para dar forma ao obxecto. É inmanente ao obxecto, non á marxe do mesmo, noutra realidade, como afirmaba Platón.
- **Causa eficiente:** todo obxecto é efecto dalgunha causa ou situación anterior. A causa eficiente permítenos explicar a orixe das cousas.
- **Causa final:** é a finalidade, o propósito dun determinado obxecto. O "para qué" das entidades e os acontecementos.

Os primeiros filósofos, os milesios, ocupáronse da causa material, ao buscar o arkhé, entendido como primeiro principio material do que procede toda a realidade. Outros como Empédocles ou Anaxágoras, buscaron tamén outro tipo de causa para explicar o devir da realidade, a causa eficiente, que identificaron co Amor/Odio e co Nous, respectivamente.

Posteriormente, a filosofía de Platón trataría a causa formal, representada polas Ideas, aínda que separadas das cousas das que son forma ou esencia. Respecto á causa final ningún filósofo a tratou de xeito explícito, polo que sería unha aportación innovadora do propio Aristóteles á historia da filosofía.

2.3. A substancia primeira e segunda.

Aristóteles decatouse de que o verbo "**ser**" non ten o mesmo significado cando dicimos que "**o cabalo é**" (existe) que cando dicimos que "**o cabalo é branco**", onde o verbo ser implica unha atribución, unha propiedade. Así, para Aristóteles, o problema básico da metafísica é explicar **que é o ser**. O estaxirita observou que **o ser pode dicirse de moitas maneiras**, é dicir, **que existen moitos modos de ser**, os cales teñen diversos significados, pero todos relacionados cun deles, o básico: **o ser en canto a ser** (o cal equivale ao noso exemplo da frase "**o cabalo é**")

Aristóteles distingue á **substancia**, por un lado, e os **modos de ser ou categorías por outro**, distinción imprescindible, xa que estas se consideran como os diversos modos nos que algo se predica das substancias concretas, particulares. Dunha substancia (obxecto concreto, **composto de materia e forma**) pódese predicar o xénero ou especie ao que pertence, pero tamén outros atributos. Por exemplo: *Andrés é un home (especie) e é alto (atributo)* Nesta frase está a base da distinción entre o que Aristóteles denomina como **substancia primeira e segunda**. A substancia primeira non pode ser predicado de ningunha cousa, Andrés é Andrés e punto. Pero, a substancia segunda non é un exemplo particular de substancia (como o é Andrés), senón o universal, a Idea ou esencia de todas as substancias da mesma clase. Andrés, Beбето, Mostovoi ou Xosé son "seres humanos". A esa substancia segunda chégase só a través da abstracción que realiza o entendemento, só aí pode separarse da materia.

Aos distintos modos de ser Aristóteles denomínaos **categorías**², existindo un total de dez. Existe unha gran diferenza entre a primeira e as nove restantes xa que a primeira presupón ás demais: non se pode ser loiro (cualidade) sen ser algunha cousa ou entidade. Así, Aristóteles denomina a esa primeira categoría *ousía*, a cal podemos traducir por entidade ou substancia, é dicir, "o que está debaixo e serve de soporte ao resto". **A substancia é o que é en si mesmo e non en outro. Chama accidentes ás restantes categorías, as cales non poden ser sen a substancia.**

Pero cando dicimos que Andrés é un ser humano, tamén o podemos dicir de calquera outro: Beбето, Mostovoi, etc. Dicimos, pois, que son o mesmo, pero sabemos que non son o mesmo ser, senón seres diferentes. Para aclarar esta contradicción Aristóteles introduxo, como xa vimos, a diferenza entre substancia primeira e segunda. Repetimos: a substancia primeira son os seres concretos e individuais (Andrés, Beбето, ese árbol, esta cadeira, etc); as segundas son os xéneros e as especies ás que pertencen eses individuos (ser humano, mesa, árbore, etc.) O único que existe de xeito independente son as substancias primeiras; as substancias segundas existen, pero sempre nas

² De estas categorías ou modos de ser, Aristóteles identifica ser. Analicémonos a partir de exemplos: 1. Lois é un ser humano: o que é (**substancia**); 2. Lois é loiro: como é (**cualidade**); 3. Lois é alto: a dimensión que ten (**cantidade**); 4. Lois é fillo de Xosé: con quen ten **relación**; 5. Lois está en Atenas: **lugar**; 6. Hoxe ou mañá (**tempo**); 7. Lois está sentado; **posición**; 8. **Poseción**, como *armado* ou *desarmado*; 9. Lois está comendo: o que fai (**acción**); Lois é a ser axudado: o que lle pasa (**paixón**).

substancias primeiras, **nunca de xeito autónomo e separado**.

Os xéneros e as especies só existen separadamente na nosa mente, en forma de conceptos, os cales forma o noso entendemento, capaz de **abstraer** da percepción de diferentes individuos (piñeiros, maceiras, pereriras, etc.) un conxunto de **características comúns** que fan que todos pertencen a un mesmo xénero determinado: **árbores**. Este conxunto de características constitúen a **esencia** dun determinado individuo, fai que sexa aquilo que é. Deste xeito, a **substancia segunda** é un concepto **universal**, corresponde á esencia, idéntica en todos os individuos da mesma especie.

2.4. A teoría hilemórfica da substancia.

Lembremos: o único que existe de xeito independente son as substancias primeiras, son estas as que hai que estudar. Pero para Aristóteles coñecer é coñecer o universal, é dicir, a substancia segunda: cando preguntamos “que é iso?” sempre contestamos cun nome común: é un can, un home, etc. É dicir, apelamos á **esencia das cousas**. Como afirma o estaxirita “*non hai ciencia senón do universal, nin existencia senón do particular*”. Afondará nisto a partir da súa teoría metafísica da composición **hilemórfica** da substancia e coa teoría epistemolóxica da **abstracción** do universal por parte do entendemento.

Toda substancia primeira componse de dous principios: (*hyle*) **materia** e (*morphê*) **forma**. Unha mesa, por exemplo, está feita dunha materia, a madeira, á que se deu unha **forma**, a da mesa. Coa palabra *forma* Aristóteles non se refire á figura externa (se é redonda cadrada, etc.); senón á organización interna que fai que sexa, precisamente, unha mesa. A forma é a esencia ou substancia segunda: **o conxunto de características que fan que un obxecto sexa unha mesa**.

A materia e a forma non poden existir por separado, sendo esta a gran diferenza, como xa vimos, con respecto a Platón. Para Aristóteles, **a esencia só existe realizada nunha materia, o que explica que haxa moitos individuos distintos que teñan a mesma esencia pero sexan seres distintos, xa que se diferencian pola súa materia e polos seus accidentes** (*Andrés é alto, Lois é baixo, pero ambos son seres humanos*) Materia e forma só existen separadas no noso entendemento, algo que é resultado do proceso da **abstracción**. Isto é unha crítica á **intuición das esencias** ou captación directa das ideas pola mente que defendía Platón. Todo concepto universal precisa, para ser coñecido, da experiencia. A partir dos datos que obtemos dela procedemos por **inducción: abstraendo o que hai de común entre varios individuos** do mesmo tipo.

Debemos, entón, distinguir, no proceso de coñecemento, entre un **coñecemento sensible e un coñecemento intelectual**. O primeiro é o da experiencia sensible que capta os accidentes das cousas; o intelectual recibe as formas ou esencias tras abstraelas das cousas sensibles que podemos observar. En base a isto, **o coñecemento sensorial é condición necesaria pero non suficiente para poder coñecer o que as cousas son**.

2.5. Ser en potencia e ser en acto.

Parménides demostrara que o cambio, algo evidente para os sentidos, é imposible dende o punto de vista racional: **cambiar significa que o que é deixe de ser, que sexa algo que non era**; pero o que comeza a ser non pode vir do ser, porque xa é, nin do non-ser, porque non é nada. Platón defendeu esta postura formulando a existencia de dúas realidades: unha eterna e inmutable e outra corruptible e cambiante. Aristóteles opuxose a esta tese, precisando o significado do concepto “non-Ser”:

- Non-ser en sentido absoluto, como afirmou Parménides: do non-ser non provén nada.
- Non-ser nun sentido relativo: obviamente unha semente non é unha árbore, pero nela existe algo que fai que poida chegar a selo.

Non é o mesmo o “non-ser” da semente que o “non-ser” dunha pedra. Neste segundo caso o non-ser un árbore sí o é nun sentido absoluto: a pedra nunca poderá ser unha árbore. A semente, en cambio, “non é a árbore” nun sentido relativo, xa que dalgún xeito “é” unha árbore (só necesita de certas circunstancias: que se plante, que se regue, etc) Aristóteles chama a esa forma de ser non realizada ser **en potencia** e, ao que se é nun momento determinado, aquí e agora, **ser en acto**. Aristóteles relaciona estos conceptos cos da súa teoría hilemórfica: materia e forma.

- **A materia é potencia, toda vez que pode recibir diferentes concrecións, é dicir, ten no seu seo diversas posibilidades non realizadas** (a semente é árbore en potencia, a madeira é unha mesa en potencia)
- **A forma ou esencia é acto, na medida en que estrutura, concreta ou realiza a potencialidade da materia.**

2.6. A teoría do movemento.

A física é a ciencia que estuda o cambio e o movemento. Todo cambio, todo algo que se move, un móbil, é movido por outro algo, por un motor. Á súa vez ese motor é movido por outro algo e así sucesivamente ata o infinito. O problema disto, afirma Aristóteles, é que se caemos nunha sucesión infinita de motores e móbiles non poderemos explicar o que é o movemento, xa que para coñecer algo hai que **coñecer as súas causas e principios**. En base a isto, para escapar desta sucesión infinita Aristóteles defende a existencia dun **Primeiro Motor Inmóbil**, inmóbil xa que para ser o primeiro debe mover sen ser movido por nada. Este Primeiro Motor que Aristóteles chama **Deus**, é **pura forma e acto puro**, porque se fose material e potencial sería un eslabón máis da cadea de motores e móbiles. E como move este Primeiro Motor ás cousas? Como obxecto de atracción, é dicir, non é unha mera causa eficiente, creadora do universo (como o Deus do Cristianismo, o Xudaísmo ou o Islam), senón **causa final**: aquilo ao que toda cousa tende.

O movemento **explícase como o paso da potencia ao acto**, a actualización da potencia (o

paso da semente a ser unha árbore, por seguir o exemplo que xa puxemos) A posibilidade deste cambio está na propia natureza das cousas, dos obxectos, os cales tenden, por natureza a perfeccionarse (de aí que a semente cambie e pase a ser árbore) Segundo esta definición de movemento o Primeiro Motor Inmóbil, Deus, é aquilo ao que tenden todas as cousas, pois o ser inmaterial; pura forma; acto puro, non cambia: **é o máis perfecto que existe, aquilo que todas as cousas aspiran a ser.**